

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 09 DE DECEMBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día nove de decembro do dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 02/12/2021.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202111/451

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 30/11/2021 "Decreto: INICIO DO EXPEDIENTE PARA A RESOLUCIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DO PROXECTO "MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (PECHE DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS; IMPERMEABILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DE ARTES E PINTADO DA PISTA DE ATLETISMO DE A FIEITEIRA)."



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202112/035

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruíz Rivas, de data 03/12/2021 "Decreto: RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA EMPRESA "MANTENIMIENTO SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORÍA, S.L." NO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DENOMINADO "SERVICIOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES"

4.- CESIÓN DE DESPACHOS DO VIVEIRO DE EMPRESAS Á ASOCIACIÓN AMICOS

VISTA a proposta do Concelleiro Delegado de Relacións Institucionais, Turismo, Promoción e Dinamización Económica, Ramón José Doval Sampedro, de data 03/12/2021, na que sinala:

"Visto o escrito presentado por M^ª Esther Vidal Rodríguez, con DNI 76511614K en representación da "Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica" (Asociación Amicos), con CIF G15747678, que tivo entrada neste concello o pasado 22/11/2021, con número de rexistro de entrada 202120873 e no que SOLICITAN:

"Se expone que dende a Asociación Amicos se inicia o programa integrado de emprego Asociación Amicos 2021-2022, e que conta con dous puntos de atención a candidatos, sendo un deles o Viveiro de Empresas do Concello de Ribeira situado en lugar aldea fafián s/n, segundo isto solicitamos:

- *Asignación de 2 locais do citado viveiro de maneira continua en horario de l-v de 9:00 horas a 18:00 horas para poder levar a cabo as tarefas de orientación ós participantes no propio programa.*
- *Permiso para poder identificar ditos locais con carteles (que logo se retirarán) en cumprimento dos procedementos de publicidade do propio programa.*
- *Permiso para poñer un roll up identificativo na entrada do viveiro co obxecto de guiar ós usuarios do programa.*
- *Permiso para deixar no mostrador de entrada distinto material informativo e publicitario (carteles, dípticos...etc) relativa ós contidos do programa".*

EXPOÑO:

Neste momento, no Viveiro de Empresas, hai despachos vacantes e non habería problema por cederlle os despachos nº 2 e 8 de forma temporal e gratuíta á "Asociación Amicos" (en diante CESIONARIA); con todo, no momento que se precise o espazo, ben porque unha empresa solicite un despacho no Viveiro de Empresas, ben porque o Concello o precise para uso municipal, darase por rematada a cesión. Bastará cun previo aviso por escrito á CESIONARIA, a cal nun prazo máximo de 15 días naturais deberá deixar vacante o/os despacho/s no mesmo estado no que o/os recibiu.

A este efecto, antes de abandonar o/os despacho/s, a persoa que designe o Concello de Ribeira, practicará unha inspección coa presenza da CESIONARIA, para determinar o estado en que deixa o/os despacho/s e as súas pertenzas e, no seu caso, cuantificar os danos aos que terá que facer fronte a CESIONARIA, cubrindo así o prezo das reparacións.

Se logo de devolver o espazo cedido quedasen nel bens mobles da CESIONARIA, entenderase que esta renuncia á súa propiedade e posesión a favor do Concello de Ribeira, quedando a CESIONARIA ademais, suxeita á obriga de reembolsar a aquel os gastos que este tiver que soportar para deixar o despacho no seu estado orixinario.

A CESIONARIA exime de toda responsabilidade ao Concello de Ribeira, polos danos e lesións que nas cousas ou persoas se causen como consecuencia da ocupación do despacho cedido ou das actividades que neste se desenvolvan.

O Concello de Ribeira non responde dos danos e perdas que se lle poidan ocasionar a CESIONARIA por casos fortuítos e de forza maior.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000C11B700S6R919K5G4U8 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2021 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2021 14:24:45</p>	<p>DOCUMENTO: 20210790967 Fecha: 09/12/2021 Hora: 14:24</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------



A CESIONARIA autoriza igualmente á persoa responsable do Viveiro de Empresas do Concello de Ribeira a entrar no despacho para ensinalo a posibles empresas que queiran instalarse no Viveiro.

A CESIONARIA poderá identificar os despachos cos carteis que lle sexan de obrigado cumprimento pola publicidade do programa, poderá poñer un roll up ou similar na entrada do Viveiro para guiar aos usuarios do programa e tamén poderá deixar no mostrador da entrada material informativo e publicitario, pero antes da súa colocación (carteis, roll up e publicidade) deberá ter o visto bo por parte da persoa responsable do Viveiro.

Tal como establece a Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Ribeira, a CESIONARIA deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil, que deberá ter vixencia mentres dure a cesión dos despachos e presentala ante o Concello e Ribeira no prazo dun mes dende o inicio da cesión.

A duración máxima que pode ter esta cesión será mentres dure o “Programa integrado de emprego da Asociación Amicos 2021 – 2022”.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a cesión dos despachos nº 2 e 8 á “Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica” (Asociación Amicos), coas condicións expostas anteriormente.

5.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 30.11.2021:

13917 09.08.2021 IGNACIO GONZÁLEZ MONTES, S.A., instalación de un centro de transformación, en A Graña.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 02.12.2021:

19894 05.11.2021 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO GUNDÍN, reparación de muros, en rúa Cardenal Cisneros, 2, Ribeira.

20527 16.11.2021 JUAN PARDAVILA FIGUEIRIDO, cambio de ventanas, en Deán Grande, 54-B, Ribeira.

17038 23.09.2021 AITOR MÍGUEZ ROMAY, acondicionamiento de vivienda situada en Vixán, 15, Carreira

6.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN ADICADA A USO TALLER GARAJE E PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA. LOCALIZACIÓN: POLIGONO 37, PARCELA 379 LUGAR DE REDONDO, BEIRA DA ESTRADA DP-7310 (RIBEIRA). PROMOTOR: JASP BARBANZA, SL. ORZAMENOT EXECUCIÓN MATERIAL: 295.685 €

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada pola entidade **JASP BARBANZA, SL** para **CONSTRUCCIÓN ADICADA A USO TALLER GARAJE E PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NO POLIGONO 37, PARCELA 379, LUGAR DE REDONDO, beira da estrada DP-7310. (RIBEIRA)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á corporación o día **18 de novembro de**



2021e o secretario xeral da Corporación de data 24 de novembro de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER licencia urbanística (Nº 34/21) á entidade JASP BARBANZA SL(CIF Nº B-70 410 840) para CONSTRUCCIÓN ADICADA A USO TALLER GARAJE E PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NO POLIGONO 37, PARCELA 379, LUGAR DE REDONDO, beira da estrada DP-7310 (RIBEIRA) según proxecto redactado polo Arquitecto, D. Sergio Lucio Paniccia, (colexiado nº 1451).

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde**.*

-Deberá presentar asemade:

-Abastecemento: autorización de Augas de Galicia para usos privativos de augas por disposición legal.

-Saneamento/depuración de augas residuais: autorización de Augas de Galicia para o vertido das augas residuais depuradas por infiltración no propio terreo, xustificación técnica do cumprimento das distancias previstas no PXOM de Ribeira para a instalación de fosas sépticas (artigos 97 e 129 do PXOM), e xustificación da implantación dun separador previo de graxas/hidrocarburos

-Prevención e defensa contra os incendios forestais: proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, no seu caso (artigo 23.2 da Lei 3/2007, de 9 de abril)

-Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POLGA): xustificación do cumprimento das determinacións do POLGA, con documentación gráfica na que se superpoña a parcela obxecto da actuación.

-Outras autorizacións/informes:

-Zona de policía de augas: autorización do organismo Augas de Galicia para actuacións/obras en zona de policía de augas.

-Afección de estradas: autorización de obra para a construción dunha nave para dedicada a taller, garaxe e parque de maquinaria agrícola concedida pola Deputación da Coruña con respecto á estrada da súa competencia, DP-7310.

-Autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente.

Condicións: teranse en conta as condicións referidas nos diferentes apartados do presente informe.

-Protección contra a contaminación acústica: de conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, deberá dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo.

-RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron



xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-Residuos perigosos: inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 t anuais de residuos perigosos, ou como produtor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo. Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*



- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.



NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

7.- LICENZA MUNICIPAL-PROXECTO DE EXECUCIÓN de vivenda unifamiliar COMPOSTA DE SOTO E PLANTA BAIXA. LUGAR: RÚA SIDREIRAS S/N, RIBEIRA. PROMOTOR: JAVIER OTERO ALVAREZ

VISTOS os escritos presentados por **D. Javier Otero Álvarez** rexistrados de entrada na data 30 de setembro e 19 de novembro de 2021, (Rexistro de entrada nº 17.584 e 20.790), mediante o que se presenta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 29 de setembro de 2021 redactado por D.Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916), así como Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 8 de novembro de 2021.

VISTO o **informe técnico** emitido polo arquitecto técnico, D. Manuel Sabín Sabín, con sinatura dixital de día **2 de novembro de 2021**

VISTO o informe emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo, D. José Martínez de Llano Orosa, de data **25 de novembro de 2021,**

VISTO o informe emitido polo **secretario xeral da Corporacion**, D. Juan Manuel Salguero del Valle, de data **26 de novembro de 2021.**

VISTA a documentación obrante no expediente

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 15/21, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 8 de xullo de 2021 a D. Javier Otero Álvarez, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 29 de setembro de 2021 redactado por D. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916), así como Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 8 de novembro de 2021.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210790967
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2021	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2021	Fecha: 09/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2021 14:24:45		Hora: 14:24



SEGUNDO.- A obra **iniciarase** no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo.

TERCEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA -María del Carmen Santos Queiruga

Visto o escrito presentado por **María del Carmen Santos Queiruga**, de data 17/11/2021 (Rexistro de entrada nº 20.598), no que solicita información urbanística en relación á parcela situada en Lugar Muiños (Oleiros).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 02/12/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto de referencia catastral 15074A032001720000KE que está clasificada como **SUELO de NUCLEO RURAL en AREAS POCO CONSOLIDADAS Tipo B** con las siguientes determinaciones:

Artículo 134: Norma del suelo de núcleo rural en áreas medio consolidadas. SNR-B **Definición norma zonal S.N.R.-B**

Comprende esta norma las áreas de suelo de los núcleos rurales anejas a las zonas consolidadas, que no llegan a definir claramente una trama de edificaciones, pero donde la edificación esta ocupado hasta un 50% de las parcelas próximas a las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

- Conservación
- Consolidación
- Rehabilitación
- Restauración

Permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.



Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 500 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

Condiciones de ocupación

Posición: Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,50 m²/m².

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima de la altura máxima.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.



Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m², y no pudiendo superar los 50 m².

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.

Condiciones ambientales y estéticas.

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este último caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Natividad Martínez Pérez

Visto o escrito presentado por **Natividad Martínez Pérez**, de data 06/09/2021 (Registro de entrada nº 15.531), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A940000120000UK.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 02/12/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión Extraordinaria celebrada o 17 de Decembro de 2.002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa reseñada, e a Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademais para este caso concreto, no que se sinala unha finca de Polígono 940 e número de finca 12 de referencia catastral 15074A940000120000UK, está clasificada como **SOLO RÚSTICO**.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rosa Mercedes Rial Martínez

Visto o escrito presentado por **Rosa Mercedes Rial Martínez**, en nome propio e en representación de herdeiros de Josefa Martínez Silva, de data 05/11/2021 (Registro de entrada nº 19.872), no que solicita certificación urbanística de cesión de terreo dunha finca por ampliación do ancho do camiño.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 09/11/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210790967
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2021	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2021	Fecha: 09/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2021 14:24:45		Hora: 14:24



Solicítase certificación municipal do terreo cedido dunha finca para ampliación de camiño no lugar de Fonterramil (Castiñeiras). O camiño se ancheou pola construción dunha vivenda unifamiliar na parcela colindante polo Leste da que se solicita certificación.

Personaos os Servizos Técnicos Municipais no lugar, tomadas varias medidas e cotexadas coa cartografía obrante no Concello, infórmase que a finca 15074A019006780000KK-15074A019006780001LL retransquouse respecto aos lindes orixinais en contacto co camiño, e que a superficie de terreo cedida a favor do Concello é, aproximadamente, 44,68 m².

11.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a ELDA LAMELA MARIÑO, POLOS DANOS EN VEHÍCULO MATRÍCULA 0947 JVT OCASIONADOS AO BATER CONTRA O MESMO UNHA VALLA DE SINALIZACIÓN DE OBRAS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2021 RESP000004.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de D^a Elda Lamela Mariño co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 19 de xaneiro de 2021, D. Santiago Estevez García circulaba no vehículo marca Renault CAPTUR, matrícula 0947 JVT, propiedade de D^a Elda Lamela Mariño, con DNI número 53482622D, pola Rúa de Lugo, parroquia e municipio de Ribeira, cando, de súpeto, bateo contra o mesmo unhas vallas que estaban colocadas na rúa sinalizando unhas obras que se estiveran realizando na mesma, o que lle ocasionou danos na aleta da parte esquerda do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/03/2021 co número 3.989, D^a Elda Lamela Mariño promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 105,71 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia do permiso de circulación do vehículo; copia do informe realizado polo Policía local por mor do accidente; e informe pericial dos danos.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 16/10/2021 pola Policía Local; informe emitido na data 15/02/2021 pola Policía local; informe emitido na data 20/10/2021 pola enxeñeira municipal; e certificación de titularidade do vehículo emitido na data 26/07/2021 pola Dirección Xeral de Tráfico.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 19/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto



lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, é titular, á data do sinistro, do vehículo matrícula 0947 JVT**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular da rúa na que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial que a reclamante achega coa súa reclamación, e como consta no informe emitido pola Policía local do Concello de Ribeira na data 15/02/2021, que dispón: “ (...), se comprueba que el vehículo presentaba daños en su aleta delantera izquierda”.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no informe emitido na data 15/02/2021 dispón que: “*Los Agentes que suscriben (...) informan que el día 19 de enero del año en curso, entorno a las 20:30 horas se recibe llamada comunicando que una valla colocada en la C/Lugo por unas obras del Ayuntamiento había caído debido al viento sobre un vehículo que se encontraba circulando por dicha calle. Personados en el lugar (...) el vehículo es un Renault con matrícula 0947-JVT, se comprueba que el vehículo presentaba daños en su aleta delantera izquierda.*” Asegurando no informe emitido na instrución do expediente que se tivo constancia do accidente, que o vehículo sufriu danos leves pola caída dunha valla do concello por mor do forte vento que facía ese día, que a circulación está permitida pola Rúa de Lugo en dirección ascendente, que as vallas pertence ao Concello de Ribeira e que o día do sinistro caeron por mor do forte vento.

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 20/10/2021, dispón que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, e que soamente se ten constancia de que a mediados do mes de xaneiro do presente ano, a entidade “Gestión Ambiental de Contratas”, que resultou adxudicataria para a execución da reforma da Rúa de



Lugo, estivo arranxando unhas lousas da citada rúa que se movían, polo que é moi probable que as vallas de sinalización das que se fala no informe policial que consta no expediente, se colocaran pola realización do citado arranxo das lousas.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Renault, matrícula 0947 JVT, propiedade de D^a Elda Lamela Mariño.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 01/12/2021, e visto o informe do Interventor, Pablo Bao Castro, de data 02/12/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Elda Lamela Mariño, polas causas e fundamentacións referidas, na contía de 105,71 euros.

A citada indemnización abonarase integramente polo Concello de Ribeira ao non superar a franquicia de 150 euros establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.

Todo isto, sen prexuízo do exercicio da acción de repetición por parte do Concello contra a entidade "*Gestión Ambiental de Contratas*", pola súa posible responsabilidade dos danos causados ó ser a entidade contratista das obras realizadas na Rúa de Lugo.

12.- ACHEGA CONCEDIDA Á ESCUDERÍA RIBEIRA RÍA DE AROUSA (APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Javier Sampedro Ageitos, de data 24/11/2021, en relación ao outorgamento de subvención nominativa (Decreto da Alcaldía de data 11/11/2021) á Escudería Ribeira Ría de Arousa, para a organización do "I Rallye Ribeira Ría de Arousa".

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 03/12/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención nominativa outorgada á Escudería Ribeira Ría de Arousa (Decreto da Alcaldía de data 11/11/2021), para a organización do "I Rallye Ribeira Ría de Arousa"; resultado o importe da subvención en 20.000,00€.



13.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE NADAL 2021-2022 NAS MODALIDADES DE CARTEL E POSTAL

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 03/12/2021, relativa á concesión dos premios aos participantes do Concurso de Nadal 2021-2022 nas modalidades de Deseño de Cartel e Postal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión dos premios aos participantes do Concurso de Nadal 2021-2022 nas modalidades de Deseño de Cartel e Postal, según o contido da citada proposta.

14.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS, PRAZOS DE PREINSCRICIÓN-MATRÍCULA, E NORMAS DE ADMISIÓN PARA CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO NADAL CULTURAL DE RIBEIRA 2021-2022

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 03/12/2021, relativa á aprobación de prezos públicos, prazos de preinscripción-matrícula, e normas de admisión para Campamentos de Conciliación do Nadal Cultural de Ribeira 2021-2022.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/12/2021. "Asunto: Fixación do prezo público para Campamentos de Conciliación do Nadal Cultural de Ribeira 2021".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.- **Aprobar** a celebración dos Campamentos de Nadal (Nadal Concilia e Nreda no Nadal).

2.- Aprobar os prazos de preinscripción e matrícula sinalados na citada proposta.

3.- Aprobar a normativa de admisión sinalada na citada proposta.

4.- **Aprobar os prezos públicos** sinalados na citada proposta para cada campamento:

- CAMPAMENTO "NADAL CONCILIA": De 9 a 14 h: 60,00 €

- CAMPAMENTO "NREDA NO NADAL": De 10 a 13 h: 40,00 €

5.- **Aprobar a bonificación do 20%** na matrícula para os colectivos indicados na citada proposta.

6.- **Aprobar a o procedemento de realización do pagamento** indicado na citada proposta.

7.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado



**15.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL – XXXXX
XXXX XXXX**

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 03/12/2021, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por XXXXX XXXXX XXXXX, mediante escrito de data 03/12/2021 (Rexistro de entrada nº 21.734).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 03/12/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXX XXXXX XXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **900,00 €**, para sufragar os gastos derivados do pago da estancia e apoio ao tratamento da Asociación Rexurdir Provincial.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2021 14:24:45

DOCUMENTO: 20210790967

Fecha: 09/12/2021
Hora: 14:24

